



ROGO SOBRE A LIMPEZA DA FONTE E LAVADOIRO DE CONXO DE ABAIXO

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, o seguinte **ROGO**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A protección e coidado das fontes e lavadoiros públicos ten orixinado distintas iniciativas por parte do Grupo Municipal Popular, sen que por parte do Goberno local se teñan adoptado ata o de agora as medidas concretas que se teñen solicitado. A pesar diso, seguimos a solicitar novas accións que lle dean resposta ás demandas veciñais e poñan remedio ao deterioro que se evidencia en moitos destes elementos patrimoniais.

É o caso da ausencia de limpeza e mantemento da fonte e do lavadoiro de Conxo de Abaixo, preto do paso inferior da SC-20 que comunica con Volta do Castro, que se atopa nun estado de completo abandono desde hai meses. En relación con esta lamentable estado, solicitamos que se proceda a rozar a maleza que invade o conxunto impedindo un cómodo acceso, que acondicione o seu contorno, onde se amorean distintos materiais de construción, e se repoña o subministro de auga do que carece na actualidade a fonte e a través dela o propia pía do lavadoiro.

Para o Grupo Popular, a situación deste conxunto etnográfico é unha mostra máis da incoherencia e o abandono do Goberno de Compostela Aberta, posto que mentres organiza actos culturais arredor destes elementos patrimoniais, procedendo á limpeza puntual dalgún para a ocasión, mantén no máis absoluto esquecemento a maioría deles, a pesar de constituír singulares mostras etnográficas e ocupar unha posición central en moitos barrios e lugares do Concello.

Por este motivo, presentamos o seguinte Rogo:

Que o por parte do correspondente órgano do Goberno municipal se dean as instrucións precisas para limpar a fonte e lavadoiro de Conxo de Abaixo e acondicionar o seu contorno, dignificando esta construción popular para que siga a ser unha singular testemuña da historia de Conxo e da súa veciñanza.

Santiago de Compostela, a 10 de outubro de 2017

María José Castro Carballal
Concelleira do Grupo Municipal Popular

- Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela